

MEDIDAS DE CONCILIACIÓN PARA A VIDA PERSOAL, FAMILIAR E LABORAL

Apróbanse as seguintes medidas de conciliación persoal, familiar e laboral para a entidade **“ASOCIACIÓN DE PERSOAS ADICTAS E FAMILIARES ADIANTE”**:

Medidas de flexibilidade horaria

ÁREA	FLEXIBILIDADE HORARIA
Número de medida	01
Nome da medida	Horario flexible de entrada e de saída
Obxectivo	Esta medida ten como obxectivo que o cadro de persoal, e especialmente as persoas con responsabilidades familiares, poidan ter flexibilidade na hora de entrada e saída a fin de compaxinar os seus horarios co resto de membros da unidade familiar.
Descrición - Metodoloxía	A hora de entrada ao traballo será de 09:00 a 10:00 e a de saída de 19:00 a 20:00. Para o correcto funcionamento da organización será obriga estar presente na entidade durante los seguintes intervalos horarios: De 10:00 a 13:00 y de 16:00-19:00. Dentro destes límites horarios o persoal poderá decidir os seus horarios de entrada e saída debendo cumprir coas 39 horas semanais podendo recuperalas horas ao longo da semana nas distintas xornadas laborais.
Custes persoais, materiais e/ou económicos	Non procede
Persoas beneficiarias	A totalidade do cadro de persoal
Forma de petición	Comunicación á persoa coordinadora dos programas ou no seu caso á persoa designada pola directiva da entidade como enlace co cadro de persoal.
Calendarización	A medida comezará a aplicarse dende o 01/01/2020 con carácter indefinido.
Canles de comunicación	Comunicarase en xuntanza ao cadro de persoal, facilitando os modelos de petición da medida.
Avaliación e seguimento	Efectuarase un seguimento da medida trimestralmente pola persoa responsable do plan de conciliación

ÁREA	FLEXIBILIDADE HORARIA
Número de medida	02
Nome da medida	Política de luces apagadas.
Obxectivo	Esta medida ten como obxectivo non alongar sen causa xustificada a xornada laboral. Coñece-la hora exacta de finalización da xornada axuda a que o persoal poida planificar de maneira realista o seu tempo a fin de facerse cargo das responsabilidades familiares e poder planificar o seu tempo de lecer.
Descrición - Metodoloxía	Ás 20:00 horas (hora de finalización da xornada) e salvo causa xustificada, as luces apagaranse así como se pecharán as portas de acceso ao público do local.
Custes persoais, materiais e/ou económicos	Non procede
Persoas beneficiarias	A totalidade do cadro de persoal
Forma de petición	Non procede. Unicamente se por causas excepcionais o persoal debe alongar a súa xornada, deberá comunicalo oportunamente ao coordinador de programas que deberá rexistrar dita circunstancia por escrito e os motivos.
Calendarización	A medida comezará a aplicarse dende o 01/01/2020 con carácter indefinido.
Canles de comunicación	Comunicarase en xuntanza ao cadro de persoal, facilitando os modelos de petición da medida.
Avaliación e seguimento	Inicialmente designarase a VICTOR MEIZOSO LÓPEZ que se responsabilizará de revisar que o persoal abandona o seu posto de traballo unha vez finalizada a xornada. Se se detectara que algunha persoa traballadora permanece no seu posto analizaranse as causas polas que non ten tempo suficiente para finalizar o seu traballo no seu horario laboral, e acordando posibles solucións ao problema.

Os BENEFICIOS para a entidade destas medidas poden resumirse en:

- ⇒ Redución do absentismo laboral.
- ⇒ Mellora do clima de traballo.
- ⇒ Mellora da saúde laboral.
- ⇒ Maior produtividade e competitividade.
- ⇒ Mellora da imaxe da entidade.
- ⇒ Maior fidelidade das persoas empregadas.
- ⇒ Maior senso de pertenza.
- ⇒ Redución de custes de substitución e reincorporación.